



O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 1 CINTA 7



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0007_001_en_0_00_00_id643_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0007_001_en_0_00_00_id643.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o primeiro corte dos que se divide a sétima das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de como facían os mariñeiros para orientarse no mar, especialmente pola noite ou cando había néboas.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 7 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, pesca, orientación, Illas Cíes, Vigo, compás, estrela polar, constelación, néboa, campá

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 1 DA CINTA 7



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: Entón, para orientarse para distinguir as pedras, para poñer unhas marcas, ¿Normalmente cómo facían?

R: Este... vamos ahora a ba... hai algunhas persoas que se dedican a pescar, no (?) a faneca.

P: Si. A faneca, a liña. Si.

R: Van dirixidas a unhas pedras que hai na ría, soltas.

P: Están no fondo e nadie saben donde están ¿Non?

R: Como unha baliza, como un morto nunha batea que morre afogado ¿Non?

P: Si, si. Si.

R: Entón hai eses individuos quen se dedican a localizalas e balizalas. Contan cos guías¹ de terra, dun lado máis doutro e collen a dirección, aquela con aquela e aquela por aquela e vanse orientando.

P: Normalmente eles que se sitúan nunha chalana encima de ó mellor dunhas pedras que sean fanequeiras ¿Non? Por terra collen tres referencias, collen unha referencia o mellor un poste da luz...

R: Polo menos cóllense dúas referencias, un lado coma... o lado do sur e o lado norte. E vas á interferencia² e marcas no norte, outro norte e pos un pau aquí e outro aquí. Un pau quere decir unha casa.

P Unha casa. Unha casa que destaque ¿Non?

R: Si que destaque. E a marcas aquela e dices esta por esta, e vas aquela e o mesmo marcas esta por esta e chegas a aquilo e tes o cotío marcado (?)

P: Por exemplo unha colle o Pirul³ en Vigo de referencia, outra colle a Guía e outro colle o monte Jaján⁴ o mellor.

R: Non, para alá non. Máis para acá. Colles o muelle.

P: Ou a fábrica da Guía ¿Non?

R: Podes coller por exemplo ese que dixeches ti agora pero despois pos o muelle, o muelle...

P: Si.

R: Por unha cousa máis alta de aquí de Quintela⁵.

P: Si, si.

R: Unha cousa que sea saliente tamén, unha por outra ¿Non?

P: Si.

R: E a outra de alá xa a tes marcada e ves mesmo a dar encima da pedra.

P: E isto serve tanto para buscar un...

R: O cotío

P: Unha pedra ou para evitar pedras que estean no fondo que sean...que poidan ser perigosas ¿E si é fóra da Illa, fóra das Cíes?

R: Se é fóra das Cíes cóllese as marca tamén.

P: Tamén se collen marcas.

R: Claro.

P: Sempre e cando mire as Illas ¿Non?

R: Ti as Illas poste polo sentido contrario e poste por fóra para marcar desde fóra por terra. Senon non podíamos entrar, tes a boca das Cíes que apenas caben dous barcos, dous barcos

¹ Puntos para trazar liñas imaxinarias dende o mar.

² Refírese á intercepción de dúas liñas imaxinarias sacadas de dous puntos fixos de obxectos ben definidos. Os mariñeiros xamais revelan esas referencias.

³ “O Pirul” era o Hospital Xeral, un dos edificios máis altos de Vigo. Hoxe estase convertido na Cidade da Xustiza.

⁴ Monte Gagán, pegado ao monte Faro de Domaio, é o máis alto da provincia de Pontevedra.

⁵ Quintela. Núcleo de poboación que está por riba do centro da Praia de Moaña. Pola súa altura, é boa para coller referencias dende a ría.



solamente. E ten unha barcada completamente aquí polo canal... pero tes que marcar por Vigo (?) por Vigo porque por fóra tes o mar e non podes marcar.

P: Claro.

R: Chegas alí e dis pa entrar. Chegas a entrada e pos a dirección, pois aquela porta, aquela ventá, aquela tal. Hai que preguntar aquela porta, pois por aí tes que ter a orientación do compás. O compás é a base principal da fijación duns obxectivos que te vas a marcar. Senón... ¡fallaches!

P: O compás que colle sempre o rumbo, márcalle o norte sempre ¿non?

R: Tes marcado todo o rumbo, só co compás e a roseta. Todo o rumbo dun lado a outro está marcado polo compás.

P: E cando sale pa fóra co compás fan anotacións os patróns ou non lle fai falta xa saben de memoria. Xa o saben de memoria ¿non?

R: (?)

P: Xa o saben de memoria ¿non?

R: (?) Sabendo o compás de memoria xa... pero hai moita xente que non o sabe de memoria, non. E apuntan nun papel, nunha libreta, estamos en tal rumbo, en tal sitio.

P: Si, iso é o que lle preguntaba eu, si.

R: Cada vez que pescas pois oríentaste, marcas antes de ir pa terra. Pescaches.

P: Si.

R: E despois marcas. Fas as anotacións para mañá cando volvas...

P: Xa sabes que o peixe estaba por alí.

R: [*E fas igual que sempre*].

P: E non é a primeira vez que chega alí, e marchou o peixe.

R: E case non hai peixe. O peixe ten rabo para marchar ¿Non ?

P: ¿E valíanse tamén das estrelas para marcar rumbos?

R: Moito

P: Moito, de noite especialmente.

R: De noite, as estrelas márcanse de noite.

P: ¿E para pescar dentro da ría tamén ou non?

R: Para pescar dentro da ría non porque xa tiñas (?) o porto.

P: Xa había luces ¿Non?

R: Non porque xa había luces en terra. Xa había... xa marcabas coa orientación á vista ¿non?, porque as luces..miras moitas veces si é de día, o pueblo todo, e si estás fóra na illa tes que te orientar polas estrelas.

P: E os patróns ¿Sabían ben as constelacións ou sabían que estrelas eran?

R: Había a estrela Nórlica (?).

P: A Norte.

R: Si, a estrela Nórlica que era un luceiro vivo ¿Non? Completamente. (?).

P: Si.

R: Cando está claro e navegas con claro é o que máis miras, esa mirasna fixa.

P: ¿E como lle chamaban?

R: A estrela Polar.

P: A Polar, era o nome. Non tiña así popularmente non tiña outro nome ¿Non?

R: Non tiña outro nome. E despois o Sur.

P: O Sur.

R: Sólo marcabas... sólo sabías cal era a estrela Sur polo compás. ¡Non lucía tanto!

P: Si. Claro.

R: Porque a estrela Norte luce como un...

P: Destaca sobre as demais.

R: Si destaca, está fija. A veces calquer nubiña pequena que veña xa a tapa e a estrela Norte non a tapa, corre a nube e xa se destapa. Pola orientación do Norte do compás e a guía marítima de noite. Tes unha cousa que é esta gorra que é un compás e tes todo o mundo enteiro, o mundo



enteiro. Esta gorra é onde están todas as marcacións aquí dentro. Aquí está o mundo enteiro. ¿Con qué rumbo vas a buscar o mundo enteiro alá (?). Dices pois, bueno, a tal sitio ó norte ó sur. Estás ó norte e dis ó sur está tal pobo e tal pobo que che leve tres días ou catro días con tal rumbo, e marcas o rumbo porque hai unhas cartas, unas cartas que están marcadas todos polo compás.

P: Si os cuadrantes todos.

R: É talmente como a navegación ou como a aviación. A aviación, sin ningún fallo, preparan o rumbo tamén.

P: Si, si, si.

R: É o mesmo, mesmo. Cando agora aquí en Santiago e marcha pa Italia, xa sabe onde está Italia, xa sabe o rumbo que ten e que rumbo lle dá.

P: Si, si.

R: E xa marca dende alí, xa marca o rumbo directo.

P: E cando había néboas ¿Cómo se orientaban? ¿Polo compás sólo?

R: O mesmo, o mesmo polo compás.

P: Porque entón coas néboas xa tapaba as luces, non se miraban as estrelas.

R: Ti marcabas cando saías. Si saías de Buenos Aires e viñas a Vigo, e ti xa sabías polo compás, marcabas e dis Vigo está aquí pero tes que recorrer todo, e tes desvíos, e ventos que te desvían, tes caídas. ¡Esas desviacións que tes! Se vas ó mesmo rumbo e te tira os ventos como no mar as correntes tes un desvío de unha cuarta ou de media cuarta. Despois aí é onde tes que orientarte.

P: Pero tes que localizar algo para orientarse ¿Non?

R: Claro.

P: Porque senon desvíaste e non se da conta.

R: Date conta cando chegas ó punto, porque agora chegas e vas directamente ó punto e sabes que o punto ese son tantas millas e tes andadas aquelas millas e non viñeches ao objetivo. Tes que parar alí porque estás cerca, e tes agora a variación dos puntos eses. Paras, e sacas unha carta dun terreo todo e dis “non, o objetivo está alí, vamos máis po sur ou máis po Norte”. Hai esos desvíos, dos ventos que tiran máis [pun lado ou pa outro como no mar] as correntes.

P: E se os collían dentro da ría con néboas ¿Cómo se orientaban?

R: Non porque na ría non o usabas.

P: Non, por iso. O mellor iban nunha chalana o nun bote e collían unha cerrazón de néboas pa volver pa terra ¿Tiñan así unha orientación especial ou iban ó rolo⁶ (sic)?

R: Aquí, en primeiro, porque os pescadores sempre encontraron o rumbo. Ó sair para o mar, a sardiña, para coller a sardiña, saían de día, traballabas de día pero ó vir a noite cerróusenos de néboa. Cerrouse de néboa e non temos compás, que é a arma da navegación. Pois ó non ter compás orientas, [dis ti]: “escoitar a ver, escoitar a ver si oes un ruído aí. Coño tocou a campá aí, pois parece que a campana esa é a campana de tal sitio, ou o pito”.

P: Si.

R: Entón debo estar na ría de Vigo. Hai que coller unha orientación.

P: Polo sonidos.

R: Polo sonidos ¿Non? Polo sonidos. Deuse o caso, tiñase dado o caso, esa que... está aí, sabes puñamos rumbo aquí en Moaña porque non tiñamos compás, e ó andar quince minutos volvías ó mesmo sitio, ó andar quince minutos...

P: Si, claro.

R: Como un vogaba máis que outro e non tiñas esas cousas.

P: Anda ó rolo

R: E moitas veces viñamos así con niebla e o andar un pouco tempo escoita: “!aij, coño, aí ladra un can”. Ladra un can e sabes que estás cerco de terra. Había esas orientacións que tiñamos así da cabeza.

⁶ “Ir ó rolo” = Ir á deriva, sin rumbo